



Salvaterra instala
dispensadores de xel
desinfectante nas rúas

Páxina 6

Ponteareas dá
preferencia aos peóns

Páxina 7

A Audiencia Provincial
absolve á concelleira
Vanesa Fernández

Páxina 8

Mondariz reabre a feira
dominical

Páxina 9

Avançou a nova ciclovía
urbana en Valença

Páxina 13



Luís Piña pide de novo ao Sergas médico para Valeixe

Páxina 11

Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

MISCELANEA

Obras de confinamento

Ola! Son María Xesús Díaz, artista plástica. E hoxe quero compartir convosco as obras que realicei nestes días de confinamento. Días sen compromisos, sen horarios nin obrigacións, pero tamén de silencio, silencio non buscado pero necesario, e quizais propicio para dar renda solta á creatividade.

As creacións que comparto, son acrílicos e óleos realizados a espátula, a miña principal ferramenta de traballo. Estas obras teñen moito que ver cos momentos críticos que nos tocou vivir.

Paisaxes vacíos, camiños infinitos con incerteza, fabricas contaminantes. Pero tamén paisaxes con moita cor, ceos despexados e limpos con moita esperanza. Esa esperanza que nos leva a crer que isto se acabará e poderemos volver á vida, que considerabamos normal antes

de que ocorrese todo isto.

Espero que estes momentos duros, fágannos reflexionar e ver a vida doutra maneira. Que non son necesarias tantas cousas como pensabamos, e que a voráxine na que estabamos metidos non era de todo necesaria; que as pequenas cousas son as que nos poden facer felices.

Os artistas a través das nosas creacións, transmitimos pensamentos, interpretamos maneiras de mirar, momentos determinados, e tamén estados de ánimo. Os espectadores que contemplan a obra interprétana á súa maneira, e con diferentes perspectivas. Seguramente dependendo tamén do seu momento, estado de ánimo e outra serie de circunstancias que tamén inflúen.

A miña reflexión axudoume a desenvolver esa mirada íntima, permitíndome explorar novos camiños, descubrir emocións descoñecidas e trasladalas a diferentes expresións na miña arte. Son obras cheas de personalismo, de puro sentimento e espello da miña conxuntura.

Moito ánimo a todos!



O escultor Paco Peregrino realizou este Boi no Recinto da antiga Feira de Lira.

APÚNTATE AO NOSO
CANAL DE TELEGRAM



<http://xnea.eu/telegram>



SIGUE AO DÍA NA
NOSA PÁXINA WEB



<http://xnea.eu/web>



EDITORIAL

Por Guillermo Rodríguez, Director, e Montse Rodríguez



Desescalada no ensino

Novos tempos, novos termos, novos comportamentos.

Estamos na desescalada sanitaria, sen embargo non quere dicir que se remate cando, segundo as autoridades sanitarias, xa poidamos camiñar con máis tranquilidade por rúas e corredoiras.

Unha das actividades que ten que aproveitarse da ocasión, menuda ocasión!!, é o ensino; a educación ou como vostedes queiran.

A ministra do ramo anda ás voltas cunha nova lei de educación (e van cantas?) cada unha ven sendo, practicamente, copia da anterior. Ningunha entra ao fondo e trata de maneira seria o problema do ensino.

A min sempre me pareceu unha tortura ver a nenos/as de poucos anos sentados arredor dunha mesa, por moitos folios e rotuladores que lles proporcionasen, que tiñan que manterse nunha actitude silenciosa, case inmóbil. Sempre me pareceu o máis antipedagógico que un poida imaxinarse. A miña idea era, e segue sendo, a de centros cos espazos ao ar libre, aínda que lixeiramente cubertos polas inclemencias do tempo, nos que os nenos/as puideran moverse libremente facendo, creando, copiando ou divertíndose durante o tempo de permanencia na escola. Claro que aquí chocamos cos arquitectos que non teñen a menor idea de como debe ser un edificio para unha educación avanzada de calidade. Outra deficiencia é a falta de preparación pedagóxica dos profesores/as para ser árbitros silenciosos nos encontros que os nenos/as disputan neses ámbitos abertos todo o máis posible, sen que lles digan como e cando deben xogar ao seu balón particular. A súa creatividade, a súa curiosidade, etc.

Todos sabemos que o nivel de motivación e de aceptación non son homoxéneos entre os alumnos/as de cada centro, por iso é imprescindible que todos poidan seguir o seu ritmo de aprendizaxe dunha maneira satisfactoria sen a espada de Damocles do suspenso ou do aprobado.

A orixe familiar determina a súa actitude fronte as esixencias dun centro educativo.

Se por enriba o que lles ofrecemos son unhas normas de disciplina e comportamento que non entenden xa temos aquí un especial caldo de cultivo para a rebelión, para as faltas de respecto, para a non aceptación do que se pretende que alcancen.

Hoxe en día deberíamos falar máis de centros educativos que de centros de ensino. Aínda que existen educandos convencidos de que os seus alumnos/as deben chegar educados da casa. Craso erro. Hoxe a casa tal como está estruturada a sociedade non é o mellor lugar para unha boa educación. Nestes momentos creo sobran instrutores e faltan educadores.



A información, a instrución, chega ás vidas dos actuais educandos por medios mecánicos que eles mesmos manexan e que lles poden dar os contidos daquelas leccións maxistras que todos coñecemos. Non se decatan que eses coñecementos mellor estruturados están en plataformas dixitais que calquera alumno de primaria, e non digamos de niveis superiores, sabe manexar. Logo, cal é o papel dun centro educativo de verdade? Pois iso, ser educativo de verdade.

Con todo, sempre ten que haber un pero, o problema que temos hoxe é dunhas estruturas obsoletas, duns métodos fóra de tempo, duns hábitos que non queremos abandonar. Hai que dicir, en honra de verdade, que existe unha porcentaxe de edu-

cadores entregados a unha mellor educación e formación dos seus alumnos/as. Que dedican cartos propios e tempo de lecer en poñerse ao día. Claro que neste punto eu teño as miñas dúbidas. Trátase de se ese esforzo vai na dirección correcta.

Esta desescalada, froito dunha pandemia, vainos forzar a admitir novos modos, novas maneiras de entender as nosas vidas, as nosas formas de relación. Sería o momento axeitado para levar ao ensino eses novos cambios, esas novas maneiras de que os nosos alumnos/as vivan a súa aprendizaxe ceibes de corsés caducos, con liberdade para a súa creatividade, non para a que ao

profesor/a lle parece axeitada. Ninguén mellor que o alumno sabe que lle apetece facer en cada momento. Só hai que darlle o espazo preciso e animalo a que se realice persoalmente, sen interferencias. Deixalo crear, como se fora un artista diante dun material amorfo ao que lle vai dar formas variadas cada cal máis perfecta das que logo todos imos sentirnos admirados. Ese é o camiño para a nova educación. O cerne da cuestión é que non se acomete en serio unha reforma do ensino; non se modifican cuestionarios, non se reciclan masivamente aos profesores/as, non se adecuan as estruturas dos centros para que sexan espazos abertos, en todo o que sexa posible, nos que os alumnos/as se sentan ceibes, sen verse atados a unha cadeira durante horas.

O funcionamento das bibliotecas escolares ten que ser un elemento fulcral nos novos tempos. O alumnado sabe onde atopar os datos cun sinxelo aparato de poucos centímetros. O que precisa é que se lle permita fuchicar nel buscando aquilo que lle interesa, que pode ser provocado polo profesor/a pero de xeito disimulado, nunca imposto. Se antes era un absurdo obrigar a aprender a táboa de multiplicar hoxe segue sendo un absurdo explicar nun encerado como se resolve unha ecuación de segundo grado. Logo, estase preguntando o lector amigo, para que se mandan os alumnos/as aos centro de ensino? Boa pregunta. Ao meu entender as novas xeracións o que precisan son conselleiros de vida, saíume así este termo, que lle axuden a pensar, a discurrir, a utilizar os medios que ten ao seu alcance, pero sen que teña que meter nos seus miolos datos, conceptos, nomes de ríos ou de elementos moleculares. Iso xa está, como dirían os meus amigos portugueses, ultrapasado.

O ensino futuro ou é imaxinativo, creativo, ou non será útil para as novas camadas, que diría o meu amigo Beiras. Pretender controlar a centos de alumnos en edificacións case pechadas e durante horas sen un estímulo de verdade resulta unha temeridade.

A convivencia entre o alumnado e os profesores debe ser algo que xorde por si mesmo, sen ter que forzar normas de obrigado cumprimento. Que tolemia!, estarán dicindo algúns dos lectores. Si, pode ser unha tolemia, pero hai tolos moito máis espertos que eses gardiáns das esencias patrias que todos coñecemos. Un centro educativo ten que ser, pero de verdade, unha prolongación do fogar. A creatividade, a liberdade, o espírito de solidariedade, a defensa dos valores humanos máis elementais teñen que ser eixos vertebradores dos novos centros de ensino que hoxe vemos controlados por vallas, aramios de espiño ou ameazas de sancións que rematen coa súas vidas como persoas.

Pero deixemos que sexan as persoas máis doctas ca nós as que nos indiquen as pautas a seguir.

Continúa na páxina seguinte...



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O PP doa a metade do salario para axudas a autónomos e empresas

O PP xa recibiu contestación por parte do Goberno local, o cal se negaba a facilitar un número de conta para que os populares puidesen cumprir o compromiso adquirido de doar o 50% do salario para axudas aos afectados pola Covid-19.

“Esta semana, despois de moito insistir, recibimos o número de conta onde ingresamos xa o 50% do salario correspondente aos meses de marzo e abril”, informan os populares.

Esta axuda será destinada aos afectados pola crise sanitaria do Covid-19 en Ponteareas, “nun momento no que todo o mundo está a arrimar o ombreiro, vimos necesario estar á altura da situación. Lamentamos que BNG-PSOE e ACIP non se sumaran a esta baixada salarial para contribuír a axudar aos nosos veciños”.

O PP considera que o equipo de Goberno e ACIP critican a medida dos populares porque non están dispostos a ser solidarios cos veciños do municipio e moléstalles que o PP cumprise este compromiso. “Foi a súa decisión, respectámola, pero non entendemos que non critiquen cando o



que estamos é tentando axudar aos nosos autónomos e empresarios. A cantidade doada podería ser moito maior se todos os grupos políticos aceptasen esta medida, lamentamos que non quixesen sumarse”.

Os populares seguirán descontando o 50% do salario mentres dure o Estado de Alarma. “Seguiremos facendo esta achega. Tiñamos outra opción que era doala ao número de conta habilitado polo Partido Popular tamén para axudar á causa, pero preferimos este método de doar o diñeiro ao noso municipio directamente”.

O PP pide que os pagos de facturas pendentes non pasen de 30 días

O PP esixe, dentro da batería de propostas que están a facer ao goberno bipartito para afrontar a crise derivada da COVID-19, que se axilicen os pagos a provedores e abóñese as facturas pendentes, xa que os datos facilitados, do último trimestre, reflicten que a administración local atrásase no pago unha media de 54 días, cando a lei establece que deben ser menos de trinta días.

O PP considera que o alcalde Represas, responsable de Facenda, ten que axilizar estes pagos e liquidar as facturas correspondentes ao ano 2019, por importe de 600.000 euros. “Actualmente ten facturas sen contabilizar e sen pagar por valor de máis de 600.000 euros. Son facturas de 2019 polo que, no mellor dos casos, pertencen ao mes de decembro. É dicir, des-

pois de 150 días seguen sen pagarse. A contabilidade destas facturas incrementaría a media de pago do noso Concello en ata 100 días, moito máis que os 54 publicados no último informe trimestral”, explican os populares.

Os populares solicitan ao Goberno local (BNG-PSOE) que tomen nota da proposta e melloren xa o prazo de pago, porque senón os autónomos e empresas que facturan ao Concello van verse gravemente afectadas nestes meses. “Solicitamos que se cumpra a lei. Que fagan fronte aos pagos cumprindo os prazos establecidos”.

Ademais, solicitan que as axudas directas aos negocios ou os vales de compra para alimentos sexan reembolsados nun prazo inferior a 30 días, “falamos de situacións de emerxencia severa na que non poden estar a esperar tanto tempo”.

...Ven da páxina anterior.

Continuación do Editorial “Desescalada no ensino”

Carl R. Rogers (1902- 1987), psicólogo humanista estadounidense, fundamenta a súa visión educativa no poder da persoa para chegar a aprender e a ser a través das relacións interpersoais que xorden na clase. Considera o obxectivo máis importante da aprendizaxe, alcanzar o crecemento persoal, grazas a unha concepción da vida baseada na liberdade. Todo isto implica que o home aprenda a utilizar os seus propios sentimentos e actitudes para descubrir e garantir un proceso de autoaprendizaxe permanente. Rogers pretende revivir a vella pretensión socrática: “non ensinar, senón alumear coñecementos”.

Xa o dixo Rousseau no seu “Emilio” ou en “Da Educación”; o preceptor debe, simplemente, deixar fluír a natureza do educando. Deste xeito, avoga non pola instrución e a disciplina senón polo fomento da naturalidade, amor e simpatía dos educadores para os seus alumnos. A partir deste tipo de relacións interpersoais educativas, posibilitase ao neno a vivencia da felicidade, libre de castigos e imposicións.

Como observamos tales afirmacións implican un alto grao de negación ou rexeitamento da heteroeducación. De aquí pódese afirmar que Rogers, afirme que a súa experiencia levouno a pensar que non podía ensinar a ninguén e que calquera cousa que puidese ensinar era intrascendente e que exerce pouca ou ningunha influencia sobre

a conduta.

Só lle interesaba a aprendizaxe capaz de influír significativamente sobre a conducta que xustamente é aquela que o individuo descobre e incorpora por si mesmo. Unha aprendizaxe baseada no propio descubrimento, unha verdade incorporada e asimilada persoalmente na experiencia, que non pode ser comunicada.

Para Rogers o centro da escola non é o mestre, tampouco o programa, o centro da escola é o neno/a. Non se trata, de ningunha maneira, de deixar o educando exento dunha certa dirección psicolóxica-persoal, ou didáctico-instrutiva, xa que o mestre debe ser guía, sostén, conselleiro, compañeiro, que respecte e axude o alumno a formar a súa personalidade en desenvolvemento. Rogers rexeita a actitude ou políticas educativas de índole autoritaria o directivista, onde o Mestre é o posuidor do coñecemento e o alumno un recipiente onde volcalos.

O enfoque rogeriano do ensino dá vida á nova concepción educativa centrada na persoa. Deuse conta da inutilidade dos métodos condutistas ou tradicionalistas onde o profesor ten o poder, o estudante obedece, onde o autoritarismo é a política aceptada na clase. Xa se sabe, góvernase mellor aos individuos (os estudantes) nun estado de medo, ignorando os seus verdadeiros valores, onde non hai lugar para a persoa completa,

só a intelectual.

O ensino apropiado é aquel no que o estudante asume a responsabilidade da educación e libera as súas capacidades de autoaprendizaxe. O proxecto pedagóxico ten como obxectivo fundamental axudar os nenos na toma de decisións e na comprensión de si mesmo. Un xiro educativo necesario que pode dar orixe a una escola adecuada á nosa sociedade, a nova situación que imos ter que afrontar.

Paulo Freire (1921-1997), pedagogo e filósofo brasileiro, advirte aos alumnos dos perigos do seu tempo para que, conscientes deles, gañen forza e coraxe por loitar, en lugar de seren arrastrados à perdición do seu propio “eu” sometidos ás precipcións alleas. Unha educación que os axude a dialogar, que os predispón a analizar e criticar con certa rebeldía para desenvolver métodos de autobúsqueda e autoexploración. Unha educación centrada no alumno e non no profesor, con confianza nas potencialidades humanas, aprendizaxe participativa e da propia aprendizaxe e autoavaliación. Así tamén para Rogers, o obxectivo da educación é axudar aos alumnos a converterse en individuos capaces de ter iniciativa propia para a acción, responsables polas súas accións, que traballen non para obter a aprobación dos demais, senón para alcanzar os seus propios obxectivos.

Aí ao lado, en Santo Tirso, na Cámara Municipal de Porto (Portugal) temos a “Escola Básica da Ponte” fundada polo pedagogo José Pacheco. Comprende alumnos/as do 1º e 2º ciclo, de 5 a 13 anos. O seu método está baseado nas chamadas “escolas democráticas”, nunha educación inclusiva, onde se da protagonismo ao alumno/a, seguindo o pensamento do brasileiro Paulo Freire. Esta idea está sendo asumida en todo o mundo, especialmente no Brasil. Este método tardou en ser aceptado polo Ministerio de Educación. Hoxe é considerada polas institucións públicas como unha referencia para un novo sistema de educación que privilexie a Cidadanía. O seu lema é “tentar facer felices aos nenos/as”. Ten como modelo ensinar a liberdade responsable e a solidariedade.

Seguindo este método temos no Brasil a “Escola do Proxecto Áncora”, que segue unha filosofía educacional que propón o autocoñecemento e a experiencia como ferramentas claves para a aprendizaxe; centrada no alumno/a e na súa transición da dependencia á autonomía.

Estamos en tempos de desescalada. Por que non aproveitamos para facer un auténtico “desclasamento” na educación, no ensino? Exemplos a seguir non faltan.

Esta guerra ou a gañamos nas novas aulas, con novos aires, ou será una nova oportunidade perdida.

Concello e centros educativos adaptarán os Premios de Educación á crise sanitaria

Os 'Premios de Educación do Concello de Salvaterra de Miño' naceron co ánimo de incentivar o estudo e reforzar actitudes e hábitos relacionados co traballo, esforzo, participación e convivencia entre os xóvenes. Un proxecto máis froito da interacción e colaboración



entre os Centros Educativos do Municipio e o Concello, na busca de incentivar, animar e premiar o esforzo dos estudantes, hábitos que marcarán o seu futuro e que os poñerán en valor como persoas e profesionais, e nese sentido, agora máis ca nunca tendo en conta a situación que estamos a vivir e o gran esforzo que están realizando tantos os estudantes como os centros educativos cremos necesario manter esta convocatoria, está claro que adaptándoa as novas circunstancias, sería moi inxusto co gran traballo e esforzo que están realizando que este ano se quedaran sen estes premios.

Neste eido seguirase outorgando os lotes informáticos para os alumnos de Primaria, ESO, Ciclo de Caldeirería e Soldadura e Carpintería. Adaptaremos os premios de Segundo de Bacharelato a nova situación e as limitación que trae consigo de acordo co equipo directivo

do propio centro, que ata agora consistían nunha viaxe a Reino Unido, co obxecto de perfeccionar a lingua inglesa. Polo que os alumnos de Bacharelato serán premiados cun conxunto dun lote informático e un curso de inglés online personalizado que será impartido por unha academia local, potenciando tamén desta maneira o consumo no municipio.

Temos que recordar que o noso Concello foi un dos primeiros e dos poucos que a día de hoxe premian a excelencia académica pondo en valor o esforzo escolar. A posta en marcha desta iniciativa é "premiar" aos mellores estudantes, froito da colaboración e traballo conxunto entre a administración local e os centros educativos do municipio para fomentar o traballo nas aulas e de paso, evitar o fracaso escolar incentivando o esforzo e premiando o traballo e a constancia, ademais da propia actitude do alumnado.

A Xunta comeza a construción da senda peonil na PO-402

O departamento de Infraestructuras de la Xunta de Galicia comezou as obras de construción dunha senda peonil de 400 m co fin de mellorar a seguridade dos veciños e veciñas da parroquia de Leirado, na estrada PO-402, que irá dende a Casa de Cultura ao cruce de San Roque, e dende o mesmo ata a intersección perigosa coa estrada da Deputación, a EP-4006.



A Alcaldesa de Salvaterra de Miño visitou cos técnicos da Xunta a zona.

Baleirado de fosas sépticas

O Concello de Salvaterra de Miño pon en marcha un proxecto piloto de baleirado de fosas sépticas dirixido a aqueles núcleos de poboación que non teñen acceso ao saneamento municipal, con un prezo por camión de 50

euros.

Para solicitar o baleirado da súa fosa séptica ten que comunicarse co Concello no 986 658 126 ou a través do mail obras@concellodesalvaterra.org co tempo suficiente para organizar o baleirado.

O Concello abriu as súas portas baixo cita telefónica

O Concello de Salvaterra volveu ao traballo presencial o 25 de maio. Priorizárase o teletraballo, establecendo como mínimo 1 día de atención ao público en cada departamento, con cita previa, sempre que a atención non se poida facer a

distancia, de xeito que se garanta a atención a cidadanía.

Na entrada do Concello hai un cartel onde se establece o horario e as condicións de acceso, xa que se deberá entrar con cita previa, mascarilla e efectuar a desinfección de mans.



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

A Alcaldesa reunese cos presidentes das asociacións de comerciantes

Marta Valcárcel, Alcaldesa de Salvaterra de Miño, reuniuse o sábado 9 de maio cos presidentes das dúas Asociacións de Comerciantes do municipio para explicarlle as medidas adoptadas ata o momento polo Concello, como o Plan de desinfección, axilizar os pagos a provedores, os aprazamentos de pagos de taxas e impostos delegados na ORAL e a entrega de material protección a todos os establecementos que traballan directamente cara o público, consistente en mascarillas, pantallas de protección, guantes e xel desinfectante.

Ademáis informouse das accións que se levarán a cabo nos próximos



días, como é o estudio do pago aprazado da taxa de auga e alcantarillado que xestiona directamente o Concello. A instalación de dispensadores de xel desinfectantes en diferentes puntos estratéxicos da Vila, a ampliación do espazo destinado a terrazas, en todos aqueles casos que sexa posible, e a

adhesión do Concello a Plataforma de venda online Dbarrio, co fin de potenciar o comercio local.

Por último a Alcaldesa propúxolle as dúas asociacións un plan conxunto de promoción, ademáis de estudar o deseño de diversas accións máis ao longo dos seguintes meses.

O grupo municipal socialista de Salvaterra doa os ingresos por pleno á Cruz Vermella

O grupo municipal socialista de Salvaterra de Miño doou 1.300 € á Cruz Vermella O Condado para paliar as consecuencias do COVID-19. A contía da doazón correspondese cos ingresos dos

concelleiros socialistas por pleno deste ano 2020.

Os concelleiros socialistas acostuman a ceder os seus ingresos á agrupación socialista da localidade. Segundo nos comentan, este diñeiro

emprégano para financiar actos, axudas, publicacións e desprazamentos en autobús a manifestacións e actos. Os edís, dadas aseguran que prefiren atender os efectos do COVID-19 antes que outros asuntos políticos.

O Concello instala dispensadores de xel desinfectante nas rúas



O Concello de Salvaterra de Miño deseñou da man dunha empresa local, Suministros Salvaterra, un dispensador de xel desinfectante que están sendo instalados en diversos puntos da Vila, aqueles lugares máis concorridos, co fin de garantir a máxima hixiene e desinfección posible as súas rúas.

Esta medida englobase dentro do Plan de desinfección que está levando a cabo o Consistorio, que constitúe un pilar fundamental para evitar a transmisión da pandemia. Dende o Concello espérase que esta iniciativa sexa ben acolida, que de máis seguridade e tranquilidade aos cidadáns e aos propios establecementos que están abertos.

Así mesmo dada a situación de escaseza e o prezo do propio material sanitario, cómpre que os veciños e veciñas fagan un uso responsable dos mesmos.

Os tres primeiros dispensadores foron colocados na entrada do Concello, na Praza de Abastos e no Centro Médico. Esta campaña complementase coa instalación de diversos dispensadores no interior do propio Concello, Casas de Cultura, pavillóns e tendas de alimentación.

www.novasdoeixoatlantico.com



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Ponteareas dá preferencia aos peóns no centro urbano para garantir o distanciamento social

Trala peonalización dos sábados e festivos a concellaría de Mobilidade e Tráfico que dirixe Roberto Mera dá un paso máis e adopta novas medidas de apoio á mobilidade peonil para garantir o distanciamento social na crise sanitaria. O concelleiro de Mobilidade e Tráfico lembra que “a rede peonil de Ponteareas é raquítica, ocupa só o 28% do espazo público fronte ao 72% que acapara o vehículo a motor. Este goberno tiña como obxectivo prioritario cambiar esta situación e a crise sanitaria obríganos agora a adiantar moitas das medidas previstas para os vindeiros anos”.

A nova medida consiste en cualificar as vías municipais do centro urbano como rúas residenciais. Esta declaración conleva a limitación da velocidade a 20 km/h. Ademais, os condutores deberán conceder prioridade aos peóns e estes poderán utilizar a zona de circulación aínda que non

deben estorbar innecesariamente aos vehículos. Os coches e motos poderán continuar estacionando nos lugares habilitados como aparcamento, agás nas zonas que se ampliarán para o tránsito peonil.

Complementando esta medida, establécese ademais que os peóns deberán camiñar pola beirarrúa da súa dereita. En consecuencia, a maioría das beirarrúas de Ponteareas serán de sentido único, pero os peóns poderán en calquera punto da calzada cambiar o seu sentido de circulación ou acceder a edificios ou establecementos situados no lado oposto. “Recomendamos que se o traxecto non é moi longo, se atravesese nos pasos de peóns, pero os viandantes poderán acceder á calzada en calquera punto con coidado e os condutores deberán circular a 20 Km/h extremando as precaucións e respectando a preferencia dos peóns”, sinala Mera.

Dúas vías quedan excluídas

desta regulación. Por unha banda a N-120 de titularidade estatal e, por outra, a Avenida de Castelao, de titularidade autonómica. Nesta rúa, non haberá preferencia peonil na calzada, pero a anchura das beirarrúas permite a circulación con seguridade nos dous sentidos. Con todo, o goberno local recomenda facelo pola dereita. O Concello solicitou á Xunta reducir a velocidade máxima de 50 a 30 km/h tal e como prevé o Plan de Mobilidade recentemente entregado ao Concello así como o sobreelevado de todos os pasos de peóns para o calmado da circulación.

As vías de plataforma única como Oriente, Esperanza, Enrique Troncoso ou Rogelio Groba manterán o seu carácter peonil.

Estando revisando todos os itinerarios peonís para que teñan continuidade. Onde non hai beirarrúas ou son escasas estanse creando pasos peonís delimitados. É o caso de tramos de Emilio Ro-

dríguez, Amado Garra, Rúa Redondela, Concha Brey, Carballos, Castañal, Paseo Matutino, Constitución ou Castiñeira, entre outros, onde se están comezando a delimitar espazos para o paso de peóns e zonas de estancia para as quendas dos establecementos. A medida de coexistencia entre peóns e vehículos implicará o mantemento da meirande parte das prazas de aparcamento.

Mera adiantou que as seguintes fases de actuación a implementar progresivamente nos vindeiros meses irán referidos a dar seguridade a todos os pasos de peóns, crear novos aparcamentos periféricos e reordenar os sentidos de circulación de diferentes rúas. No primeiro caso os pasos de peóns disporán, como marca a normativa, de 10 metros libres de atrancos visuais como colectores ou coches estacionados. Respecto aos aparcamentos periféricos prevese ao longo do ano a creación dun novo



aparcamento con varios centos de prazas e a ampliación do de Granitos de Galicia. E en canto aos sentidos de circulación reordenaranse dacordo co previsto no Plan de Mobilidade para gañar espazo a favor dos peóns e evitar o chamado tráfico de axitación, vehículos que en lugar de estacionar nos aparcamentos exteriores entran no centro e dan voltas de forma continua.

CAFÉ
onde sempre

onde sempre **circular**

reinventa, reutiliza, recicla

mercadillo permanente

T. 679 054 070 • Rúa Redondela, 8 • PONTEAREAS

A CASA
da TRICIA

a túa casa desde 1927

Cervexas . Embutidos . Tostas . Ensaladas
Hamburguesas . Vegano . Conservas

Praza Maior . Ponteareas

Colexio Plurilingüe
“LA INMACULADA”
Premio 2017 á Excelencia Educativa
Dende 1905 en Ponteareas



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Pleno de Ponteareas aprobou por unanimidade modificar o orzamento para paliar os efectos do coronavirus

O Concello de Ponteareas aprobou o luns 18 de maio por unanimidade a modificación do orzamento por un importe de 1.137.000 euros, dos que máis de 650.000€ teñen como finalidade intentar paliar os efectos da crisis sanitaria do coronavirus no Concello. Este foi o segundo punto da orde do día da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 18, sendo o primeiro pleno virtual da historia de Ponteareas, utilizando o sistema telemático que permite a realización de Plenos, Comisións e Xuntas de Goberno Local non presenciais.

A proposta do goberno de BNG-PSOE, consensuada co grupo independente ACiP, recibiu tamén o respaldo do PP, os 21 concelleiros e concelleiras dos 4 grupos da Corporación deron a súa conformidade a proposta que contempla a dotación de 400.000



para axudas directas, subvencións e partidas para reactivar a actividade económica, 160.000 euros para incrementar as axudas de emerxencia social e o centro de reparto de alimentos, ademais doutras partidas económicas necesarias para facer fronte ao gastos provocados polo Covid-19 ata sumar un total de máis de 650.000 euros para esta finalidade.

Tamén se aprobou por unanimidade o expediente para asumir, con cargo ao remanente positivo

de tesourería de 2019, máis de 67.000 euros da débeda polo convenio urbanístico do parque Ferro-Ucha.

No primeiro punto aprobouse de forma definitiva a modificación puntual da RPT, cos 12 votos do goberno BNG-PSOE, votando en contra os 9 concelleiros da oposición.

Antes de comezar o pleno, o alcalde, propuxo aos asistentes gardar un minuto de silencio para honrar aos falecidos pola pandemia do Covid-19.

A Audiencia Provincial ditamina que a concelleira Vanesa Fernández no cometeu delito

A concelleira socialista Vanesa Fernández comunicou aos medios a resolución firme da audiencia provincial de Pontevedra ante a denuncia por prevaricación interposta por tres membros de Protección Civil de Ponteareas cando ostentaba o cargo de Concelleira de Seguridade Cidadá e Mobilidade no ano 2019.

Audiencia Provincial desestimou o recurso de apelación impondo as costas do recurso aos denunciados por apreciar temeridade.

Vanesa Fernández quixo destacar que as datas destes feitos correspóndense a períodos electorais de eleccións municipais "parece que existe unha mala fe ao por tres denuncias contra a miña persoa, reiterando acusacións e ocultando ao xuíz os resultados dunhas investigacións realizadas. Isto semella acoso e derribo en plena época electoral co único seguimento e cobertura do PP ando eran coñecedores do expediente e da miña inocencia".



No ano 2018 aprobouse un regulamento e elixiuse presidente para a agrupación logo de ser expulsado ao anterior mediante expediente sancionador por supostas irregularidades. Ante isto algúns membros presentaron denuncia ante a Guardia Civil, que foi arquivada. Logo outra ante fiscalía, que arquivou tras resolver que non había indicios de delito. En campaña electoral das xerais, volveron presentar a denuncia ante o xulgado que tamén arquivou e estes apelaron ante a audiencia provincial que agora resolve con carácter firme.

Lucía
Estudio Floral

Rúa da Esperanza, 28 | 36860 Ponteareas
Tel: 986 64 22 75 - Móvil 685 85 99 44
luciaeestudiofloral@gmail.com
SERVICIO A DOMICILIO

**CRISTALERIA
CONDADO** S.L.

Derivados do Vidro

Tel: 986 68 18 42
cristal@crisalencondado.com

AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)

La Giralda
Contigo desde siempre
by Conchi Borgeira & Bego

**VENTANA
HOGAR**

ALUMINIO · PVC · MADERA

986 64 41 12 - 636 28 61 08

Entrada Galerías Sta. María, 27 PONTEAREAS
ventanahogar@gmail.com

ZOE
LENCERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Amado garrá nº5, Ponteareas - 36812 22 17

Llano
maquinaria
remolques

MAQUINARIA LLANO S.L.

986 644 741 Fax: 986 644 750
www.maquinariallano.com Berral - PONTEAREAS

Mondariz reabre a feira dominical con unha gran afluencia de público

Este domingo día 24 reabriuse a tradicional feira dominical en Mondariz. Aínda que polo momento solo abarca o sector agrogandeiro, a feira estivo marcada polo importante número de postos de venda expostos e por unha gran afluencia de público nunha solleira xornada, onde prevaleceron as medidas preventivas contra o coronavirus e na que os visitantes atoparon un importante dispositivo dirixido a previr os con-

taxios do covid 19, con un único sentido do tránsito peonil que permitiu disfrutar aínda un pouco máis da feira e da maribillosa contorna do núcleo urbano da vila do Tea, onde semanalmente se acheagan multitude de visitantes que atopan en Mondariz un espazo onde mercar e para o lecer.

O dispositivo de reapertura contou coa presenza da Policía Local, así como a Agrupación de Protección Civil Oitavén-Tea e membros

da Garda Civil. A organización recolocou todos os postos na praza dos maior entre os cales circulaba o público nunha mesma dirección ata o final do percorrido.

Dende o concello, valoraron moi positivamente a reapertura da feira, agardando que as medidas de prevención implantadas polo estado de alarma premitan incorporar canto antes aos restantes sectores, que todas botamos en falta, afirman dende o consistorio.



Esquerda Unida Ponteareas propón a colaboración entre os Concellos do Condado e da Paradanta

A actual crise provocada pola pandemia do COVID-19 está a poñer a proba a capacidade de resposta dos concellos ante as dificultades económicas e sociais polas que atravesan as súas veciñanzas nestes momentos. Ademais, hai que ter en conta que a realidade dos distintos municipios é moi diversa, tanto en capacidade económica e de recursos como na situación social. A estas alturas da crise, xa todos os concellos son conscientes das súas capacidade real de resposta ante as necesidades e das carencias materiais, de persoal e de medios en xeral que dificultan a súa xestión.

Neste contexto, o Concello de Ponteareas ten unha especial relación coas localidades da súa

contorna, tanto a nosa propia Comarca do Condado como coa limítrofe da Paradanta. Deste grupo de municipios, o de Ponteareas é o que ten máis habitantes e capacidade económica e ao mesmo tempo é o que ten unha poboación menos envellecida.

Se algo nos está a ensinar a crise provocada pola pandemia do COVID-19, é a importancia das respostas colectivas ante novos retos. Por iso queremos propoñer ao alcalde de Ponteareas que promova unha reunión cos alcaldes dos concellos do Condado e da Paradanta co obxectivo de poñer en común as súas respectivas realidades para poder explorar as posibilidades de colaboración e de respostas conxuntas co obxectivo de que ningunha persoa quede desatendida. Unha

colaboración neste sentido podería aliviar a carga aos distintos municipios da contorna ao mesmo tempo que serviría de exemplo de traballo solidario, polo que agardamos que o alcalde e o goberno local de Ponteareas teña a ben acoller esta iniciativa.

EU propón a creación dunha oficina única de información sobre a crisis do COVID-19

Dende o comezo da crise provocada pola pandemia da COVID-19, dende as distintas administracións, tanto do estado como autonómica e local, estanse a tomar diversas medidas para dar resposta a esta situación. Isto está a xerar unha cantidade inxente de leis, ordes, interpretacións, recomendacións, subvencións e demais normativa. Isto fai que por parte da cida-

danía sexa particularmente difícil facer un seguimento actualizado da realidade normativa na que nos atopamos. Sendo os concellos as administracións máis achegadas á veciñanza correspondérialles a estes resolver as dúbidas que vaian aparecendo e garantir con iso que toda a cidadanía acceda aos dereitos que lle corresponden.

Dende Esquerda Unida Ponteareas propoñemos ao Concello de Ponteareas a creación dunha oficina única de información con respecto a todo o relacionado coa crise da COVID-19 á que a veciñanza de Ponteareas poda recorrer para aclarar as súas dúbidas. Isto serviría tanto para facilitar a vida da veciñanza como para axudar a que se cumpran as normas por parte da mesma.

Praza para a Escola Infantil

Do 1 ao 15 de xuño estará aberto o prazo para que as familias con fillos nados a partir do 1 de xaneiro de 2018 presenten as solicitudes de praza na Escola Infantil Municipal para nenos con idade entre os 3 meses e os 3 anos.

Por ser unha escola de integración, pódese solicitar praza para nenas e nenos con discapacidade física, psíquica e sensorial. Neste suposto, poderase, logo da valoración técnica, prorrogar a permanencia destas nenas/os un ano máis, fóra dos límites da idade.

Os impresos de solicitude deberán cubrir preferiblemente por vía telemática na web do Concello de Ponteareas ou recoller na Escola Infantil, das 9 ás 14 horas, mediante cita previa telefónica no número: 673 794 789, ás horas indicadas..



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 062 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41



REFORZO ESCOLAR-IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTILS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA, GRATUITA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º E
654 07 57 51

CONDADO/ PARADANTA

O Concello de Arbo ofrece servizo de desinfección gratuita para os taxis



O Concello de Arbo, contratou a unha empresa especializada para a desinfección con ozono para os vehículos municipais, o camión do lixo e os taxis de Arbo.

O Concello puxo a disposición dos servizos públicos a desinfección con ozono, como medida de prevención de contaxio do COVID-19.

O ozono é clave para loitar contra o COVID-19 porque é un desinfectante natural que elimina virus, fungos e bacterias.

Dende o Concello de Arbo, estase facendo un plan de loita contra o coronavirus, repartindo pantallas protectoras, xel, luvas...

entre todos os colectivos e o comercio local, que teñen que permanecer o público, cun seguimento a todos os sectores.

Con este servizo de desinfección, gárantese a mobilidade de todos os veciños e veciñas de Arbo, de forma segura en taxis e dende o goberno queremos seguir axudando aos que están todos os días nesa primeira ou segunda liña de loita contra o coronavirus, manifesta o alcalde de Arbo Horacio Gil. Seguiremos traballando pouco a pouco e poñendo todo o noso esforzo en axudar a todos os colectivos e ao comercio local para así entre todos superar esta crise sanitaria.

Comenzan as obras de reparación do Muíño de San Xoán

O Muíño de San Xoán presentou diverso danos producidos por actos vandálicos. As obras ascenden a 15.651,25 euros e será unha empresa de Arbo a encargada de realizar a reparación.

O Muíño, esta situado o carón da Ponte Románica de San Xoán un dos lugares máis emblemáticos de Arbo e que foi restaurada polo Concello de Arbo no ano 2017.

Os danos que presenta o inmobile foron causados por actos vandálicos, dos que se descoñece o autor ou autores. O Estado do Muíño de San Xoán e lamentable, os intrusos prederon lume no interior o que produxo que as madeiras se queimaran, romperon cristais e xanelas, chans e teitos de madeira coa capa de verniz queimada e afumadas, porta de entrada destrozada, etc...

O deterioro que esta sufrindo pode afectar a estrutura do inmobile, o que suporía unha perda moi importante para o patrimonio etnolóxico arbense, xa que dito muíño data do século XV e, a súa vez, tamén fixo de serradoiro.

Esta actuación conta con financiamento ao 100% con cargo aos fondos propios do Concello, tras ingreso da compañía aseguradora realizado o día



1 de abril de 2020, que deu lugar ao correspondente expediente de contratación, que se viu parado polo Estado de Alarma.

Os perigos que se aprecian na zona son evidentes, e, aínda que o Concello adoptou as medidas necesarias de seguridade, poñendo enreixado para evitar o acceso ao mesmo e sinalando a zona, foron varias as ocasións nas que as mesmas estaban movidas ou desapareceron do lugar, informa o alcalde Horacio Gil, que condena estes feitos e recorda que os bens municipais son de todos os arbenses, e debemos coídalos. O Rexedor tamén informa que será unha empresa local a que se ocupará da mellora das instalacións, sendo sempre prioridade deste concello a contratación de obras, sempre que sexa de aplicación a normativa, a empresas locais o que supón nestes momentos todavía de crise, unha reactivación da economía local.

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de

Reveriano Soutullo, 3 - T B
654 07 57 51

Paula Méndez

ESTILISTAS

Teléfono 986 64 26 63
C/ Reveriano Soutullo 13- bajo
PONTEAREAS

centro engloba

atención temprana · logopedia · psicología
terapia ocupacional · aulas pedagógicas
aulas psicopedagógicas

Vidales Tomé, 16
PONTEAREAS
986 162 118
info@centroengloba.com
www.centroengloba.com

0-26-032670

Café La Calle

Heladería - Cervecería - Coctelería
Ambiente agradable

Rúa Rosalía de Castro, 9 - PONTEAREAS

PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA · PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2 . 986 650 920 - 694 421 045 . Ponteareas
Villanueva, 18 . 986 651 145 - 609 366 364 . A Cañiza

conscem CONSTRUCCIONES

DELEGACIÓN DE GALICIA
MODIKO

OBRA NUEVA · REFORMA · REHABILITACIÓN · PROYECTOS
GESTIÓN Y FINANCIACIÓN · COMPRA-VENTA DE INMUEBLES

Morales Hidalgo, 4 Bajo 36860 PONTEAREAS · T. 986 04 51 51

Luís Piña pide de novo ao Sergas médico para Valeixe

O alcalde da Cañiza, Luís Piña, reitera por terceira vez diante do Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia a petición de cobertura da praza do médico do centro de Valeixe.

Ademais solicita ao Sergas a cobertura da praza de pediatra do centro de saúde da Cañiza, sin substituto dende o mes de febreiro por xubilación do facultativo.

O 9 de xullo do ano pasado o Alcalde da Cañiza, Luís Piña, remitiu á Xerencia do Servizo Galego de Saúde, un escrito oficial no que expoñía a problemática xurdida pola carencia de médico no centro de Valeixe que afectaba a 754 pacientes. Nese momento supliuse a baixa atendendo aos veciños nas tardes dos martes e xoves no PAC da Cañiza. Daquela a medida supuxo un grave inconveniente para os pacientes, na maioría maiores de 65 anos, sen dispo-

bilidade de transporte, tendo que acudir ao servizo de taxis.

Días despois, o Xerente da Área Sanitaria de Vigo responde contestando que polo de agora non había substituto. En consecuencia o 4 de decembro o Alcalde reitera a mesma petición en escrito con NRS 474 na que fai referencia aos compromisos acadados na reunión mantida o 21 de novembro no PAC da Cañiza. Nesta reunión acordouse que esta praza se cubriría á maior brevidade. Sen embargo en data 26 de decembro na Alcaldía recibese un novo escrito que comunica que o SERGAS está nunha situación de ausencia de substitutos en toda Galicia e en particular na área sanitaria de Vigo.

Movidos pola ausencia de compromiso, o 11 de xaneiro máis de 400 veciños da plataforma "Médico para Valeixe Xa" da Cañiza saíron á rúa, apoiados polo Concello, para reclamar en ma-



nifestación a cobertura da praza. Esta vacante segue na mesma situación pola ausencia de substitutos no área sanitaria de Vigo.

11 meses despois da primeira reclamación, esta praza segue sen cubrirse

A día de hoxe, sen ter información alguna por parte do Sergas, o Alcalde solicitou diante da Xerencia e do EOXI de Vigo, que se retome este expediente

xa que a crise provocada pola Pandemia do COVID-19, fai máis necesario ca nunca un médico neste centro que conta con 754 cartillas, afectados dos concellos da Cañiza, Crecente e de Arbo, dos que 164 son usuarios das dúas residencias de maiores da Cañiza, colectivo especialmente vulnerable nestes momentos de crise sanitaria na que as labores de prevención son vitais.

Reanudanse as feiras na Cañiza



O Concello de A Cañiza ven de levantar a suspensión da celebración das feiras, tendo lugar a primeira no día 20 de maio. A Feira estará acotada ás rúas Oriente e Travesía do Mercado. Haberá tres puntos de acceso nos que se instalarán dispensadores de xel hidroalcohólico.

Como medidas preventivas o Concello controlará o aforamento e disposición dos postos, os accesos e información, as normas de limpeza, as medidas de seguridade nos postos de venda ao público e as medidas de hixiene e seguridade adicionais nos vehículos de transporte e venda ambulante.

O Concello da Cañiza contratará a 13 traballadores no Plan Concellos

Arrancan os procesos de selección para a contratación de 13 traballadores desempregados para cubrir os postos de 2 mozos de recollida de lixo, 3 varredores, 3 peóns de obras públicas, 1 electricista de reparación e mantemento, 2 condutores operadores de maquinaria de vías e 2 peóns de horticultura e xardinería. Unha convocatoria pública de emprego á que están destinados un total de 119.466,54€, subvencionados case na súa totalidade pola Liña 3 do Plan Concellos da Deputación Provincial. Neste Programa de Emprego o Concello da Cañiza colabora na financiación con 2.807,04 euros para as indemnizacións de fin de contrato dos traballadores.

Este ano eliminouse a entrevista, converténdose nun concurso unicamente de méritos no que se valorará a experiencia profesional (ata 3 puntos), a formación (ata 2 puntos) e as



circunstancias persoais e familiares de cada aspirante que poderán acadar ata 5 puntos (cargas familiares, ingresos, discapacidade, maior de 45 anos e violencia de xenero). Ademais este ano incorpórase unha pequena proba de galego para as persoas que non poidan acreditar estar en posesión do certificado oficial de galego (GELGA), requisito indispensable para poder participar neste concurso.

A selección de persoal res-

petará con todas as garantías os principios de igualdade, mérito e capacidade, nun proceso que cumpre por primeira vez coa preceptiva publicidade (BOP) da convocatoria. Tamén está garantizados os principios de transparencia, imparcialidade, profesionalidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección e, segundo a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O Servizo de Axuda no Fogar da Cañiza recibe novo vestuario



O momento vivido en pleno Estado de Alarma polo Covid-19 esixe das Administracións que se adoiten máis ca nunca, todas as medidas de hixiene posibles. O personal do SAF traballa directamente co colectivo de poboación máis vulnerable aos contaxios, por iso o servizo desenvolvido por estas profesionais ten que contar con todas as garantías de limpeza posibles.

Esta é a primeira vez que o Concello cumpre co seu convenio colectivo que no Capítulo XV establece, no artigo 69º referente á roupa de traballo de todos aqueles empregados públicos que

por razón de servizo teñan a necesidade de utilizada, que o Concello lle subministrará nos meses de maio e de outubro unha equipación completa a cada traballador. Dereito que non se estaba cumprindo ata o de agora xa que segundo manifestan as propias empregadas dos SAF solo contaban cunha muda dende o inicio da súa actividade laboral.

Nestes días están recibindo os dous equipamentos do ano, contando así con tres equipos completos, feito que contribuirá a afrontar o día a día con toda a seguridade de hixiene e saúde requirida.

CONDADO/PARADANTA

Os ponteareáns disporán dunha aplicación para obter o ticket electrónico de atención cidadá

O concelleiro de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, Benito Márquez, deu a coñecer a implantación nestes semanas dun novo sistema intelixente de atención cidadá en tódolos departamentos que prestan actualmente servizos de atención ao público. “O obxectivo é continuar prestando os servizos de atención, respectando as medidas de saúde, seguridade e hixiene impostas polo COVID-19.

O novo sistema que se está implantando permite a obtención dunha quenda dende o teléfono

móbil ou a través da web (ticket electrónico), así como o seu seguimento a distancia e a notificación da quenda, evitando o uso de elementos táctiles públicos para a obtención da mesma, co fin último de desconxestionar as salas de espera e permitindo que o cidadán acuda unicamente cando estea a punto de ser chamado para a súa atención.

“A e o usuario poderá pedir cita telematicamente, a través dunha aplicación móbil, e poderá seguir a cola en tempo real para os tickets electrónicos xerados. A través da app, recibirá infor-

mación en tempo real do número de persoas en espera e do tempo aproximado para ser atendido. Cando a súa quenda estea próxima, o usuario recibirá no móbil unha notificación, podendo realizar a espera na rúa, na casa ou no coche, mantendo a distancia de seguridade”, sinalou o concelleiro socialista Benito Márquez.

“É importante salientar tamén que este sistema está integrado en certos casos cun sistema de videoconferencia, onde se permitirá a realización de citas virtuais entre a e o traballador público e a cidadanía, ou simple-

mente telefonicamente, garantindo un servizo eficaz sen que o usuario teña que vir fisicamente ao concello”.

Non obstante, tamén está contemplada unha oficina a cidadanía onde poidan acudir presencialmente aquelas persoas que non dispoñan de teléfono móbil ou internet para solicitar a cita telematicamente.

Por último, o concelleiro quixo agradecer públicamente o esforzo que o Departamento de Innovación e Desenvolvemento está levando a cabo nos últimos meses nesta situación complicada para



todos e que está redundando en que o Concello siga en funcionamento.

Ponteareas amplía a rede de abastecemento de auga a 95 vivendas en Moreira, Angoares e San Mateo de Oliveira

O Concello destina 192.000 euros para estes proxectos que tamén permitirán completar a rede municipal nas Cachadas e A Lomba

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, vén de informar das obras de ampliación da rede municipal de abastecemento de auga, obras que nestas semanas comezou a executar o Concello en diferentes lugares das parroquias de Moreira, Angoares e San Mateo de Oliveira. Proxectos que tamén inclúen completar a rede nos lugares de As Cachadas e A Lomba. Estas intervencións, que foron licitadas cun orzamento total de 192.668,858 euros, son financiadas con cargo ao Plan Concellos da Depuación de Pontevedra.

“Para o Goberno municipal, os servizos básicos como o abastecemento de auga potable para todos os veciños e veciñas son unha prioridade, un dos obxectivos que nos marcamos para este mandato”, manifestou Represas, quen engadiu que o Concello ten previsto executar varios proxectos máis de ampliación da rede municipal de auga ata chegar a todas as vivendas que o precisan, especialmente nos lugares das parroquias de Moreira e San



Mateo de Oliveira que teñen padecido épocas de seca nos últimos anos.

Unha fase destes traballos, cun orzamento de 39.850,59 xa se estivo executando nas últimas semanas nos lugares de A Peroxa, O Calvario e A Feira na parroquia de Moreira, permitindo achegar a rede de abastecemento a 28 vivendas. As obras consistiron na instalación da canalización e as conexións para cada vivenda no vial municipal, ata o límite de cada propiedade, que permitirá aos veciños e veciñas conectarse á rede xeral de subministro de auga potable, garantindo deste

xeito o abastecemento a todos os fogares, mellorando a calidade de vida no rural

152.818,26 €

A seguinte fase, cun orzamento de 152.818,26 euros, comezará nas vindeiras semanas e permitirá achegar a rede xeral de subministro de auga a 67 vivendas máis nos lugares de Macadín e Soutiño na parroquia de Moreira; Abelleira en Angoares; Penavella e A Cheira en San Mateo de Oliveira; A Lomba en Areas e As Cachadas. As obras supoñen a instalación de oito novos tramos de rede de abastecemento cuxa lonxitude total é 2.524 metros.

O PP solicita ao Concello que faga públicos os resultados de potabilidade de mananciais e fontes públicas



Fonte do Baratillo, en Ponteareas

O PP solicitou que o Concello de Ponteareas aplique a súa política de transparencia e cumpra coa obrigaón de facer públicos os resultados das analíticas que de forma obrigada fanse a mananciais e fontes do municipio, co fin de coñecer a estado da auga.

Os populares solicitan coñecer as analíticas de polo menos os dous últimos anos e que se continúen facendo públicos os datos.

Ademais solicitan que, en función da potabilidade das mesmas, mellórese a sinalización pública que indique se esa fonte é potable ou non.

“Esiximos ao alcalde que faga públicos, na páxina web do Concello, os resultados periódicos dos controis analíticos que se realizan a estas fontes públicas, para así informar e garantir a seguridade sanitaria dos nosos veciños”, explican os populares.

O Concello iniciou os traballos de desbroces e limpeza de espazos públicos

O Concello de Ponteareas informa que se iniciaron os traballos de desbroces e limpeza de espazos públicos. A concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo, explica que nunha primeira fase se desbrozaron as sendas, parques e zonas máis transitadas, antes de realizar un desbroce por completo de cada parroquia. Nestes primeiros días, ademais, elimínase a maleza na contorna dos colectores de lixo, illas de reciclaxe e paradas de autobuses en todo o concello.

O inicio dos traballos retrasouse como consecuencia do estado de alarma, incluso nestes momentos faltan por incorporar 8 persoas máis para completar as cuadrillas de medio ambiente ao estar suspendidos os procesos de selección de persoal durante os últimos dous meses. Nestas semanas retomáronse os procedementos para poder contar cun total de 15 persoas, con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, para os desbroces manuais ademais de dous condutores para os desbroces mecánicos dos tractores.

O concello conta con máis de 400 quilómetros de estradas mu-



nicipais no rural asfaltadas nas que se realizarán estes traballos de limpeza de cunetas, garantindo unha maior seguridade e visibilidade. “Planifícanse os traballos en base aos criterios de necesidade e nas estradas municipais máis transitadas, tendo en conta tamén as indicacións sanitarias, ata completar o conxunto das parroquias” manifestou a concelleira de medio ambiente, Rosa Covelo, que ten planificado realizar dous ciclos de desbroces completos de todas as estradas municipais do rural durante estes meses de primavera e verán.

Continúa a desinfección e baldeo dos espazos públicos cun uso máis intenso

O alcalde Xosé Represas engade que, ademais da limpeza e des-

broces, continuarase coas labores de desinfección e baldeo, reforzando estas tarefas nas zonas con maior uso xa que con motivo de pasar a fase 1, na situación da crise sanitaria, haberá unha maior utilización do espazo público pola cidadanía. Estes traballos de desinfección son realizados pola empresa FCC Medio Ambiente, de luns a sábados dende ás 6:30. Nestas labores de hixienización de rúas participan un equipo composto por 3 peóns, 1 condutor, un vehículo cisterna e un atomizador. Os baldeos de hixienización tamén se realizan naquelas zonas máis poboadas do rural, empregando deterxente con propiedades desinfectantes ao conter amonio cuaternario.

Ponteareas investe máis de cen mil euros na escola infantil en obras de eficiencia enerxética

O goberno municipal do BNG-PSOE informa que vén de adjudicar as obras de rehabilitación enerxética da escola infantil municipal por 104.342,01€, a través dun proceso público concursal, que garante a igualdade de oportunidades, e cun prazo máximo de execución de catro meses.

Estas obras están enmarcadas na estratexia “Ponteareas, hábitat saudable” que conta co financiamento dos fondos de desenvolvemento rexional da Unión Europea (fondos FEDER) que custean o 80%, 83.473,61€, financiándose o 20% restante con fondos propios do Concello, 20.868,40€.

A concelleira de Benestar Social e Igualdade, a nacionalista Verónica



Carrera, explica que se realizará unha mellora substancial do illamento térmico das fachadas do edificio así como do seu consumo enerxético facendo desta infraestrutura municipal un lugar máis agradable e comfortable.

Verónica Carrera adianta que as obras comezarán de inmediato e estarán rematadas no mes de setembro, mes no que previsiblemente retome a actividade a es-

cola infantil.

“A licitación xa esixía que as obras impactaran o mínimo posible na actividade diaria da escola infantil e que garantiran a máxima seguridade prevendo xa dende o principio que se executaran na tempada estival. Agora con esta situación provocada polo COVID-19 aproveitamos que a escola está pechada para facer o maior número de melloras posibles”.

O PSdeG-PSOE lamenta a oposición irresponsable e mentireira do PP de Ponteareas

O PP de Ponteareas xa nos ten acostumados a súa falla de compromiso cos veciños e veciñas de Ponteareas, pero en este proceso de gran dificultade para o conxunto da poboación esperábase que polo menos estivesen a altura das circunstancias, o cal lamentablemente non está sendo así.

A última falcatrada dos concelleiros do PP de Ponteareas foi a de difundir entre o persoal do concello a “MENTIRA” de que o Goberno Municipal coa colaboración de ACIP íamos a baixarlle o soldo os traballadores é incluso se atreveron a dicir que ían quedar sen Paga Extra.

Estas afirmacións interesadas son sempre denunciadas, pero na actual situación son simplemente miserables, xa que non se pode deliberadamente trasladarlle unha preocupación inexistente o con-

xunto dos traballadores do concello que tan bo traballo están a facer en esta situación de dificultade que estamos a vivir.

Si o PP de Ponteareas está realmente preocupado polos seus veciños é non pola estratexia electoral do seu líder o Sr. Feijoo, o que ten que facer e reclamarlle a Xunta de Galicia presidida polos seus amigos, que asuman as súas competencias en materia de sanidade, educación, economía e emprego, etc... xa que o que non pode ser é que sexamos os concellos os que esteamos a paliar as deficiencias da Xunta de Galicia para que os nosos veciños non queden desprotexidos.

Non obstante, dende o PSdeG-PSOE de Ponteareas invitamos os concelleiros do PP a que recuperen a sensatez e se unan o esforzo colectivo para axudar os nosos veciños.

Ana Belén Fernández Melón gaña o concurso de microrrelato “O libro da túa vida”

A concellería de Cultura, que dirixe Fernando Groba, comprácese en comunicar o nome das gañadoras do concurso de microrrelatos “O libro da túa vida”. Fernando Groba salienta a alta participación e a calidade dos traballos presentados que amosan un alto nivel de interese por este xénero.

Esta iniciativa de promoción da escrita en galego conseguiu atraer a atención dun amplo abano de poboación, chegando microrrelatos de autores e autoras de tódalas idades.

Ana Belén Fernández Melón co relato “A illa do tesouro”

fixose co primeiro premio consistente nun vale por valor de 70€ para mercar nunha librería local. O segundo premio foi para Sara Suárez Saavedra, de tan só doce anos de idade, co seu microrrelato “A luz do Escuro” e o terceiro premio foi para Teresa Ríos Noya con “Espello”; ámbalas dúas recibirán un vale de 50€ e 30€, respectivamente, para canxear nunha librería local.

Todas e todos os participantes serán contactados polo departamento de Cultura do Concello de Ponteareas para que poidan recibir o seu agasalho.

NOVAS DA RAIA

Redacción

Reabertura da Ecopista do Rio Minho

Corredor ecológico colado ao rio Minho, aberto no dia 18 de maio, havia sido proibido à circulação pedonal e ciclista no dia 27 de março devido ao COVID 19. Neste dia, reabriu também o acesso automóvel ao Parque das Caldas e ao Parque da Lodeira.

No âmbito das medidas de contenção do novo coronavírus COVID-19, os Municípios de Monção, Valença e Vila Nova de Cerveira determinaram, no passado dia 27 de março, a proibição da utilização pedonal e ciclista da Ecopista do Rio Minho.

Esta decisão concertada integrou um conjunto alargado de medidas tomadas pelos três municípios, entre as quais, o encerramento de espaços públicos de lazer e parques infantis. No caso de Monção, foi vedado o acesso ao Parque das Caldas e ao Parque da Lodeira.

No dia 18 de maio, mais de um mês e meio depois, coinci-

dindo com o início da segunda fase de desconfinamento, foi levantada a proibição de circulação, sendo permitida a utilização da Ecopista do Rio Minho, corredor verde com várias distinções internacionais, entre as quais, o prémio de 3ª Melhor Via Verde da Europa, nos 8th European Greenway Award, na Irlanda, em 2017.

O primeiro troço da Ecopista do Rio Minho, entre o apeadeiro de Cortes, em Monção, e a ponte seca, em Valença, foi inaugurado no dia 14 de novembro de 2004, merecendo, desde o início, rasgados elogios e aplausos por parte dos utilizadores daquele trajeto verde.

Com os anos, a Ecopista foi ampliada nos dois concelhos e prolongada a Vila Nova de Cerveira, apresentando um conjunto de atributos e motivos de interesse que fazem desta via ecológica, a primeira em Portugal a aproveitar linhas férreas desativadas, uma referência para quem gosta de praticar desporto em comunhão com a natureza.

No 18 de maio, reabriu também o acesso automóvel ao Parque das Caldas e ao Parque da Lodeira, permitindo que a população e visitantes possam regressar aquelas áreas ribeirinhas de Monção, podendo utilizar as estruturas existentes como, por exemplo, o passadiço de madeira



junto ao rio, o parque de merendas, o parque infantil, o campo

de futebol sintético e os courts de ténis.

Luz verde à 2ª fase da requalificação da Escola Básica e Secundária de Vila Nova de Cerveira

A Autoridade de Gestão do Programa Norte 2020 aprovou a candidatura para financiar a 2ª fase da requalificação da Escola Básica e Secundária de Vila Nova de Cerveira. Através de uma reprogramação do quadro comunitário, a empreitada orçamentada em 2.3ME conta com um financiamento do FEDER (1.2ME) e do Ministério de Educação (105.882,36E), cabendo ao Município cerveirense investir cerca de 1ME. Autarquia vai proceder à abertura de um concurso público prevendo que, e após ultrapassado todo o procedimento administrativo-burocrático, os trabalhos avancem até ao final do ano.

Ao longo dos seus 25 anos de existência, o atual edifício não sofreu qualquer tipo de intervenção, pelo que já não dispunha das condições necessárias e adequadas às exigências e expectativas de um serviço educativo moderno. Para fazer face a alguns problemas imediatos de segurança e de comodidade, a Câmara Municipal concretizou, em 2018, a 1ª fase das obras de requalificação e modernização da Escola Básica e Secundária de Vila Nova de Cerveira (já concluídas), num investimento municipal de cerca de 400 mil euros (dos quais cerca de



100 mil euros do PDCT original e do Ministério da Educação). Os trabalhos incidiram na retirada de todo o amianto, na construção da nova portaria na entrada sul, e na melhoria das condições de conforto térmico, através da implementação de um sistema de isolamento pelo exterior.

Por sua vez, a 2ª fase de requalificação agora aprovada visa a construção de raiz de um edifício designado como Centro de Recursos composto por biblioteca/auditório para capacidade para 119 lugares sentados, a construção de um edifício de apoio ao ensino articulado de música, a ampliação do espaço de refeitório, a cobertura dos

corredores de circulação e dos espaços de recreio exteriores, o reforço das condições de segurança e de acessibilidades, bem como a adaptação à eficiência energética.

Após a aprovação do projeto e, recentemente, da candidatura, e apesar da Câmara Municipal já ter reservada a dotação necessária para a obra, ainda há um conjunto de procedimentos administrativos subjacentes a uma empreitada desta natureza, pelo que se prevê que a intervenção possa arrancar até ao final do corrente ano.

Com cerca de 600 alunos, toda a requalificação da Escola rondará, no conjunto das duas fases, os 2.7ME.

Paredes de Coura acolhe Mercadinho Local

É já este sábado, 16 de maio, que Paredes de Coura acolhe o primeiro Mercadinho Local, distribuído pelo Largo Visconde de Mozelos, junto aos Paços do Concelho, e pelo Largo 5 de Outubro, frente ao Tribunal.

“Comprar local sempre foi importante, mas, neste tempo em que vivemos, as nossas compras, por pequenas que sejam, representam um importante ato de solidariedade”, explicou Vitor Paulo Pereira, presidente da Câmara de Paredes de Coura, depois da autarquia ter aprovado, em reunião de Câmara, a realização deste mercado semanal de produtos locais.

É objetivo deste “Mercadinho Local” evitar deslocações desnecessárias, desaconselhadas em tempo de COVID-19, mas sobretudo incentivar a economia local na sequência da pandemia que muitos danos causou aos pequenos produtores.

Este Mercadinho Local de Paredes de Coura vai realizar-se com periodicidade semanal, aos sábados, entre as 9h00 e as 13h00, com cerca de duas dezenas de produtores a trazerem à vila, nesta 1ª edição, os produtos da terra e outros produtos locais.

Redacção

Ponte de Lima Aprovou Apoio Financeiro às Candidaturas das IPSS a Equipamentos Sociais, no valor de 46.946,14€

Dando corpo a um dos pilares estratégicos do Município de Ponte de Lima, a Ação Social, concretizado através da implementação de projetos, investimentos e parcerias que promovem a melhoria das condições de vida das pessoas e famílias carenciadas ou dependentes, a Câmara Municipal aprovou no passado dia 24 de fevereiro celebrar um conjunto de Protocolos com as Instituições Particulares de Solidariedade Social - IPSS, com um valor total de 46.946,14 € do orçamento municipal.

Esta verba destina-se apoiar financeiramente a contrapartida nacional assumida por essas entidades no âmbito das candidaturas contratualizadas entre si e o Programa Norte 2020 para financiamento das intervenções de beneficiação/modernização dos equipamentos sociais geridos por si e em determinadas valências.

Assim, através desta candidatura o Centro Paroquial e Social de Fornelos, efetuará obras de remodelação e adaptação da Creche.

Por sua vez, a candidatura da Casa do Povo de Vitorino dos Piães, visa a requalificação das instalações do Centro de Dia e



Creche da Casa do Povo de Vitorino dos Piães.

O Centro Paroquial e Social de Santa Maria dos Anjos, pretende remodelar o espaço e equipamento informático.

A Associação dos Amigos da Pessoa Especial Limiana - AAPEL, candidatou - se a este apoio financeiro com o objetivo de concluir a rede de climatização do CAO iniciada em 2014.

A candidatura do Centro Paroquial e Social de Fontão, tem como finalidade efetuar obras de adaptação para a substituição e deslocação para o exterior da caldeira de aquecimento.

Para a Santa Casa da Misericórdia de Ponte de Lima foi aprovada a candidatura NORTE-07-4842-FEDER-000089, destinada à Reconfiguração e Reabilitação da ERPI Cónego Correia.

Este apoio complementar às IPSS que tem candidaturas aprovadas para a beneficiação de equipamentos sociais, enquadra-se numa estratégia prioritária da autarquia, que procura qualificar as respostas destas instituições, assim como diversificar, rentabilizar e aumentar a cobertura dos equipamentos sociais do Município, justifica o Presidente da Câmara Municipal de Ponte de Lima.

Avançou a nova ciclovia urbana em Valença



Uma nova rede ciclável está a nascer na cidade de Valença, com 2800 metros e um investimento de 633 mil euros.

O novo percurso ciclável ligará as Portas do Sol, na Fortaleza de Valença, ao Centro Coordenador de Transportes, à Estação dos Caminhos de Ferro / praça de táxis, ao Centro de Interpretação da Ecopista do Rio Minho e à ESCE – Escola Superior de Ciências Empresariais.

A obra decorre no âmbito do Plano de Mobilidade Urbana Sustentável de Valença e vai criar um corredor ciclável ligando o centro histórico, com

a área central da cidade e os principais pontos de fluxo de mobilidade da cidade.

No âmbito desta intervenção a avenida dos Combatentes da Grande Guerra (Av. Cristelo) está a ser completamente requalificada, em toda a sua extensão, desde a avenida de Espanha até à Fortaleza.

Na Ponte Seca, está a ser construída uma nova ponte pedonal e ciclável, com estrutura metálica, junto à ponte atual, de modo a permitir a passagem do corredor ciclável. Uma intervenção que resolverá um problema antigo da ligação da cidade à parte norte da Ecopista do Rio Minho.

Ponte de Lima avança com a segunda fase da Reabilitação do Centro Cívico de Fontão



No âmbito da política de reorganização urbanística que o Município de Ponte de Lima tem vindo a efetuar em zonas centrais das freguesias com espaços de cariz coletivo e social degradados ou urbanisticamente mal definidos, a autarquia aprovou, em Reunião de Câmara, a segunda fase

de "Reabilitação do Centro Cívico de Fontão".

A empreitada incide no espaço compreendido entre a Rua de Nossa Senhora dos Remédios e o Largo de Fontão.

O valor estimado desta segunda fase da Empreitada prevê-se de 325.000,00€, acrescido de IVA à taxa legal em vigor.

Câmara Municipal de Ponte de Lima Autoriza Reabertura das Esplanadas a partir do 18 de Maio

No seguimento do fim do estado de emergência, e da decisão do Governo para a reabertura gradual da economia e serviços, o Município de Ponte de Lima autoriza a ocupação da via pública com esplanadas a partir da próxima segunda-feira, 18 de maio.

Assim, as esplanadas de todos os estabelecimentos de restaurações e bebidas que tinham autorização anterior à proibição, podem reabrir, cumprindo as orientações emanadas pela Direção Geral de Saúde - DGS relativas à Covid-19, nº 023/2020 de 8 de



maio de 2020, procedimentos em estabelecimentos de restauração e bebidas Covid-19.

Esta medida será avaliada de

acordo com o desenrolar da situação e de acordo com as orientações emanadas pelas DGS e pelo Governo.

Gómez Reino: "Galicia precisa un Goberno progresista, de país e transformador que evite un Goberno de Feijóo e Vox"

O portavoz de Galicia en Común- Anova Mareas, Antón Gómez Reino, alertou contra a crecente mobilización da ultradereita en todo o Estado e chamou á cidadanía a impedir que as eleccións galegas convocadas por Feijóo para o próximo 12 de xullo "acaben sendo un porta aberta á entrada de Abascal no Goberno da Xunta".

"Galicia precisa un Goberno progresista, de país e transformador que evite un Goberno de Feijóo e Vox", indicou.

"Non nos enganemos. A partir do 12 de xullo haberá en Galicia un Goberno de coalición. De nós depende que sexa un Goberno de coalición entre as forzas de progreso que representan ás maiorías sociais deste país, ou un Goberno débil asentado sobre a irresponsabilidade e a incapacidade de Feijóo e sobre o fanatismo da ultradereita española", advertiu.

Gómez Reino insistiu en que a estratexia do Partido Popular para

desgastar ao Goberno do Estado "pasa por consolidar a Vox e por converter a Feijóo nun peón de Santiago Abascal, como xa sucedeu con Ayuso na Comunidade de Madrid e con Moreno en Andalucía". "Non consentiremos que Feijóo e Casado utilicen a Galicia para seguir cimentando o ascenso da ultradereita", dixo.

Gómez Reino subliñou que a reconstrución social e económica que debe emprender Galicia tras a emerxencia sanitaria provocada pola epidemia de Covid-19 "é incompatible co proxecto político baseado no odio e na destrución do público" que representan tanto Vox e Abascal como o Partido Popular de Pablo Casado e Alberto Núñez Feijóo.

"Máis que nunca, precisamos un Goberno progresista con capacidade para acordar cunha ampla maioría de forzas políticas e sociais o proxecto político que necesita Galicia para reconstruírse e avanzar no futuro sobre o com-

promiso co benestar de toda a cidadanía", concluíu.



Suspendidas as taxas e impostos municipais ata o fin do estado de alarma

Tendo en conta o grande impacto económico negativo en todos os sectores por mor do COVID-19, que afecta a un gran número de veciños, quedan suspendidas todas as taxas e impostos recadados a través da ORAL, o órgano da Deputación de Pontevedra encargado de colaborar na xestión e recadación da práctica totalidade dos tributos e ingresos de dereito público delegados do municipio. Esta medida afecta ao pago de tributos como, por exemplo, o IBI, o lixo, a auga,

os sumidoiros, vehículos, plusvalías, IAE...

A ORAL, dependente da Deputación de Pontevedra, decidiu suspender o cobro de tributos co obxectivo de minimizar o impacto fiscal e de facilitar a recuperación da normalidade a medida que a crise sanitaria se minora. Por este motivo, a suspensión estará vixente durante todo o tempo que dure o estado de alarma.

O novo calendario fiscal definitivo do ano 2020 publicárase 10 días despois de que remate o estado de alarma.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Elix comercio local

#PontevedraProvinciaNaTúaCesta

Somos unha terra única,
merca en *Vigo*

Baiona
Fornelos de Montes
Gondomar
Mos
Nigrán
O Porriño
Pazos de Borbén
Redondela
Salceda de Caselas
Soutomaior
Vigo

